Bos Aires, 7-2o-1955.

Sr. Don Valentín Paz Andrade.

Moi estimado amigo:

Supoño no seu poder a miña derradeira carta Escríbolle novamente, pra lle confirmar a corrente de entusiasmo coleitivo, e as "marmuracios" afervoadas que se están a facer con motivo dos formidabres poemas, que como homenaxe a data -sempre doorosa- do 7 de xaneiro, escribeu vostede co mellor do seu sentimento, e foron belidamente editados pol-o Centro Galego n-este 5o aniversario. As ilustracións, parécenme ben logradas.

Dados os cativos coñecementos que eu teño, sobor do subrime arte da poesía, direille somentes, que me sentín francamente maravillada ante o "golpe" de insuperabel inspiración conque vostede nos dá a coñecer a nova modalidade da súa indiscutida persoalidá, tan maxistralmente exposta, n-este emocional é, solene "PRANTO MATRICIAL" ¡ Que fermosa, lembranza ! ¡ Que belido o final !, Cando ti chegues pol-o mare !..... ¡Cando ti chegues pol-o mare !.... ¡ Meu carisimo Daniel !

Con bágoas de serea door e infita gratitude, envíolle meu querido amigo, unha emocionada felicitación, e do meu corazón galego vai unha fonda aperta extensiva a Pilar e Alfonsiño.

Xirxinia P. de Castelao